

CARACTERÍSTICAS

Sendeiro de tipo lineal, de ida e volta, que remata nun salto de aproximadamente 15,70 metros de altura, máis outro pequeno que parte da base do pozo, ou mergulleira, de 4,80 mts. Está situado no curso alto do río Escuadro, afluente do Toxa, no lugar de Férveda, facendo linde das parroquias de Escuadro e Xestoso.

Forma parte do proxecto europeo Rede Natura 2000 denominado Brañas de Xestoso, como humedal de importancia comunitaria.

Flora:

Bosque de ribeira con árbores autóctonas como: carballos, castiñeiros, amieiros, bidueiros, salgueiros e freixos.

Como arbustos: acivos, loureiros, silvarveiras, fento real e heterófilos.

Fauna:

Falcóns e corvos, lavandeiras, gorrións, anduriñas, xabarín e rato silvestre entre outros. Troita común no tramo alto.

Etnografía:

Lavadoiro comunitario de 1952.

Muíños de rodicio: de Varela, da Regueira, do Sueiro, das Carballeiras, de Outeiro, de Bataneiro e de Herdeiros.

CENTRO DE INTERPRETACIÓN

Edificio de fermosa fábrica, ata hai pouco dedicado a Escola de Primaria, hoxe rehabilitado na súa planta alta como Centro de Interpretación da Natureza.

Nel se pode ver unha exposición de fotografías e paneis informativos sobre o patrimonio histórico, artístico e paisaxístico de Escuadro.



WWW.TURISMOSILLEDA.ES

Organiza:


Concello de Silleda

Colabora:

Veciños de Escuadro



SENDEIRO



FERVENZA FÉRVEDA

2013



SENDEIRO DA FERVENZA DE FÉRVEDA: O POZO DO SALTO

DATOS:

Distancia: 2,7 km

Duración: 45 minutos

Dificultade: baixa, agás últimos 250 mts.

Punto de inicio:

Lavadoiro-Muíño de Varela.

42° 41' 21,30" N 8° 18' 15,51" W

Remate:

Ferverza. Pozo do Salto

42° 40' 23,04" N 8° 19' 12,05" W

Como Chegar:

Está situado na parroquia de Escuadro. Accédese tanto desde a N.525 en Silleda, como desde a N.640 en Senra, vía Cascaxide. Como referencia, o punto de encontro estaría situado na igrexa parroquial de S. Salvador, para desde alí dirixirse ao coñecido como Muíño de Varela.

Recomendacións: Calzado e roupa cómoda, auga, algún alimento, chubasqueiro e protección solar dependendo do tempo.

Contacto e información: Casa da Cultura de Silleda 986 581028. www.turismosilleda.es

